



## Guía Docente

Datos Identificativos					2024/25
Asignatura (*)	Neurorrehabilitación Integral e Comunitaria			Código	653862318s
Titulación					
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	5	
Idioma	Castelán				
Modalidade docente	Híbrida				
Prerrequisitos					
Departamento	Fisioterapia, Medicina e Ciencias Biomédicas				
Coordinación	Rodríguez Sotillo, Antonio	Correo electrónico	antonio.rodriguez.sotillo@udc.es		
Profesorado	Rodríguez Sotillo, Antonio	Correo electrónico	antonio.rodriguez.sotillo@udc.es		
Web					
Descrición xeral	Nesta materia proporcionanse as bases científicas da Neurorrehabilitación así como os coñecementos das principais patoloxías en Neurorrehabilitación. Ademais, trátanse os métodos de avaliación e as novas tecnoloxías aplicadas á Neurorrehabilitación. Ademais abórdanse aspectos novos como a investigación nas terapias neuroreparadoras e a Rehabilitación domiciliaria.				

## Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
--------	-------------------------------------

## Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
	AI	BI	CI
1. Profundar nas bases científicas e as metodoloxías de investigación na rehabilitación neurolóxica.	AI1 AI2 AI4	BI8 BI9	C18
2. Conocer y aplicar las líneas de investigación de las nuevas tecnologías en el ámbito de la neurorrehabilitación.	AI1 AI5	BI1 BI3	C15
3. Fomentar as novas perspectivas investigadoras da neurorrehabilitación no ámbito social e comunitario.	AI5	BI6 BI7 BI10 BI12	C18
4. Adquirir habilidades para a comunicación científica dos resultados de investigación na rehabilitación neurolóxica no ámbito social e comunitario.	AI3	BI2 BI4 BI5	C11 C13

## Contidos

Temas	Subtemas
1. Bases científicas da Neurorrehabilitación.	Neuroplasticidade
2. Principais patoloxías en Neurorrehabilitación	
3. Metodoloxías de avaliación en Neurorrehabilitación	
4. Novas tecnoloxías aplicadas a Neurorrehabilitación	
5. Neuroreparación e terapias avanzadas	
6. Rehabilitación domiciliaria.	Teleasistencia

## Planificación



Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A4 A5 B8	10	30	40
Prácticas clínicas	B9 B12 C8	8	16	24
Traballos tutelados	A2 B1 B2 B4 C1	0	24	24
Estudo de casos	A1 A5 B6	8	8	16
Actividades iniciais	A3 B3 B7 B10 C5	2	0	2
Análise de fontes documentais	A5 B5 B8 B12 C3	0	17	17
Atención personalizada		2	0	2

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. Das 40 horas lectivas, 10 son presenciais e 30 virtuais.
Prácticas clínicas	Realizaranse prácticas clínicas na Unidade de Lesionados Medulares co obxectivo de familiarizarse cos métodos de avaliación, cos tratamentos mais habituais e coas novas tecnoloxías en Neurorrehabilitación. A asistencia ás mesmas computará na avaliación tal e como se establece no apartado 7 da presente guía Das 24 horas lectivas, 8 son presenciais e 16 virtuais.
Traballos tutelados	Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-titor. O alumno realizará baixo a tutela e seguimento do profesor un traballo final relacionado cos contidos da materia e que computará na avaliación da mesma tal e como se establece no apartado 7 da presente guía Das 24 horas lectivas, as 24 horas son virtuais
Estudo de casos	Metodoloxía onde o suxeito se enfrenta ante a descrición dunha situación específica que suscita un problema que ten que ser comprendido, valorado e resolto por un grupo de persoas, a través dun proceso de discusión. O alumno sitúase ante un problema concreto (caso), que lle describe unha situación real da vida profesional, e debe ser capaz de analizar unha serie de feitos, referentes a un campo particular do coñecemento ou da acción, para chegar a unha decisión razoada a través dun proceso de discusión en pequenos grupos de traballo. Das 16 horas lectivas, 8 horas son presenciais e 8 horas son virtuais
Actividades iniciais	Actividades que se levan a cabo antes de iniciar calquera proceso de ensino-aprendizaxe a fin de coñecer as competencias, intereses e/ou motivacións que posúe o alumnado para o logro dos obxectivos que se queren alcanzar, vinculados a un programa formativo. Con ela preténdese obter información relevante que permita articular a docencia para favorecer aprendizaxes eficaces e significativos, que partan dos saberes previos do alumnado. Das 2 horas lectivas, as 2 son presenciais.
Análise de fontes documentais	Técnica metodolóxica que supón a utilización de documentos audiovisuais e/ou bibliográficos (fragmentos de reportaxes documentais ou películas, noticias de actualidade, paneis gráficos, fotografías, biografías, artigos, textos lexislativos, etc.) relevantes para a temática da materia con actividades especificamente deseñadas para a análise dos mesmos. Pódese empregar como introdución xeral a un tema, como instrumento de aplicación do estudo de casos, para a explicación de procesos que non se poden observar directamente, para a presentación de situacións complexas ou como síntese de contidos de carácter teórico ou práctico. Das 17 horas lectivas, as 17 son virtuais

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Estudo de casos	<p>Prestarase atención personalizada en esta metodoloxía para aqueles/as alumnos/as que o precisen. Ademais, poderase facer uso das titorías para calquer orientación dos diferentes aspectos da asignatura.</p> <p>A atención farase persoalmente na aula ao final da clase, por correo electrónico (antonio.rodriguez.sotillo@udc.es), por TEAMS (previa cita por correo electrónico)</p>
-----------------	---

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Sesión maxistral	A4 A5 B8	Valorarase a asistencia as clases, tendo en conta que para que poida computar na avaliación, a asistencia deberá ser superior ao 75% das mesmas	30
Prácticas clínicas	B9 B12 C8	Valorarase a asistencia as prácticas clínicas. A asistencia as mesmas terá carácter obrigatorio	10
Traballos tutelados	A2 B1 B2 B4 C1	O alumno deberá realizar un traballo tutelado que presentará de forma oral e por escrito ao finalizar a materia	60

Observacións avaliación
<p>Sistemas e criterios de avaliación da aprendizaxe: 1.- Parte presencial 40%: - Presenza obrigatoria. - Avaliación continuada da asistencia a clase, as prácticas clínicas e a participación na resolución de casos na clase. 2.- Parte non presencial 60%: - Traballo tutelado final que o/a alumno/a terá que presentar de forma oral e por escrito e que versará sobre os contidos da asignatura 3.- Para aqueles/as alumnos/as que non acudan en presenza obrigatoria ao 75 % das horas presenciais, realizarase un exame final e único sobre os contidos teóricos e prácticos de tipo escrito e preguntas tipo test. A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a perda do dereito á oportunidade na que se cometa a falta e respecto da materia na que se tivese cometido. Nas actas figurará un non presentado nesta oportunidade".</p>

Fontes de información	
<b>Bibliografía básica</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Cano de la Cuerda, Roberto (2012). Neurorehabilitación: métodos de valoración y tratamiento. Panamericana</li> <li>- Cano de la Cuerda, Roberto (2008). Nuevas tecnologías en Neurorehabilitación : aplicaciones diagnósticas y terapéuticas. Panamericana</li> <li>- Cudeiro Mazaira, F Javier (2015). Fundamentos de neurociencia y neurorehabilitación en Terapia Ocupacional.</li> <li>- Frontera, Walter (2020). Delisa´s Physical Medicine and Rehabilitation: Principles and Practice. Lippincott Williams &amp; Wilkins</li> </ul> <p>Ademais, proporcionaranse ao alumnado diverso material docente consistente en artigos, publicacións científicas relacionados cos contidos da materia</p>
<b>Bibliografía complementaria</b>	

Recomendacións
<b>Materias que se recomenda ter cursado previamente</b>
<b>Materias que se recomenda cursar simultaneamente</b>
<b>Materias que continúan o temario</b>
<b>Observacións</b>



1.- Recomendacións sobre sustentabilidade medio-ambiental.&nbsp;Para axudar a conseguir un entorno inmediato sustentable e cumprir cos obxectivos estratéxicos 1 e 2 do "V Plan de Acción do Programa Green Campus FCS (2023-2025)" os traballos documentais que se realicen nesta materia:a.- Maioritariamente solicitaranse en formato virtual e soporte informático.b.- De realizarse en papel:- Non se empregarán plásticos.- Realizaranse impresións a dobre cara.- Empregarase papel reciclado.- Evitarase a realización de borradores.2.- Observacións:&nbsp;"Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para adocencia universitaria deberase incorporar a perspectiva de xénero nestamateria (usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores/asde ambos sexos, propiciarase a intervención en clase de alumnos ealumnas...)."&nbsp;"Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudessexistas e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores derespecto e igualdade"."Deberanse detectar situacións de discriminación por razón de xénero eproporanse accións e medidas para corrixilas".3.-Todos os aspectos relacionados con "dispensa académica", "dedicación ao estudo", "permanencia" e "fraude académica" rexeranse de acordo coa normativa académica vixente da UDC

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías